



ASISTENTES C.I.

C.I.G.

M^a Jesús Losada Rodríguez
Federico Fernández Fernández
Rodrigo Alberte Pivida
Cándido Pérez Betanzos
Antón García Fernández
Miguel García Ramos

CC.OO.

Victoria Alonso Crespo
Carmen Serra Rodríguez
Marisa Magaz Ledo
Aser Fernández Rey
Manuel Velasco Graña
Marcos Estévez Orge (DS)*
José Rodríguez de la
Concepción

U.G.T.

Juanjo Fernández Pérez
Arturo Casar Sarasola
Alfonso Calvo (DS)*
J. Andrés Zapirain (DS)*

DELEGAN VOTO

Carlos Mollinedo

AUSENTES C.I.

Reunidos nos locais sindicais do Edificio Fundición do Campus de Vigo o día 6 de Abril de 2005, ás 11:00 horas en primeira convocatoria e ás 11:30 horas en segunda, coa seguinte orde do día:

ORDE DO DÍA

1. Lectura e aprobación, se procede, da acta anterior.
2. Informe do Presidente.
3. Negociación colectiva.
4. Execución RPT.
5. Funcionamento das distintas comisións nas que participa o CI.
6. Preparación Reunión co xerente.
7. Análise e consideración sobre o/os escrito/s do Presidente da Xunta de Persoal Funcionario nos que afirma que delegado/s do CI están a utilizar o órgano de representación para facer medrar a determinado persoal a costa do resto. Toma de acordos.
8. Rogos e Preguntas.

A reunión é presidida por Cándido Pérez, Presidente do CI,. Antes de comezar da conta dos votos delegados que, neste caso, corresponden aos debidamente enviados por Carlos Mollinedo, que delega en Cándido Pérez, e Carmen Serra que delega en Manuel Velasco.

Así mesmo, dáse a benvida o 2º delegado sindical da UGT Alfonso Calvo T.E. de transporte e distribución.

1. Lectura e aprobación, se procede, da acta anterior.

A acta da reunión, que correspondente ao Pleno celebrado o 13 de xaneiro, foi enviada con antelación a tódolos membros do CI. Tras corrixir algúns erros e realizar algúns matices, a acta apróbase por unanimidade.

2. Informe do Presidente.

O Presidente da conta do seguinte:

- Das distintas reunións e acordos mantidos para a apertura da Biblioteca de Torrecedeira no Fin de semana.
- Do nomeamento do novo Xerente.
- Da convocatoria e da resolución dos complementos de responsabilidade recollidas no anexo VI do vixente Convenio.
- Da convocatoria para a provisión temporal dunha praza de Técnico de prevención.
- Do escrito da Facultade de CC Sociais de Pontevedra na que solicita a contratación de un novo T.E. en Medios Audiovisuais, para completar o horario.
- Da resolución da xerencia do procedemento para o recoñecemento de trienios.
- Do recurso presentado diante do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia da sentenza pola antigüidade do persoal contratado.
- Do escrito enviado ao Comité intercentros polos TE Laboratorio.
- Do escrito enviado por unha T.E. en Medios Audiovisuais, pedindo o amparo do Comité ao considerar que se puxo en dúbida a súa capacidade profesional.



- Do escrito protesta asinado por distintos traballadores/as no que amosan a súa desconformidade coa formación que imparte a Empresa.
- Do escrito recibido e da reunión mantida con persoal contratado e bolseiro do CACTI
- Da finalización dos procesos de transformacións de parte do persoal laboral provinte da Escola Universitaria de Relacións Laborais.
- Das distintas reunións mantidas co anterior Xerente en relación coa problemática da apertura da Biblioteca de Torrecedeira en fin de semana.
- Da reunión de presentación do novo Xerente, Manuel Castro Oliva.
- Da convocatoria do de prazas para a categoría de TSTIC
- Da consulta feita ao xefe do servizo de RR HH sobre o ATSX na Biblioteca de Torrecedeira.

Tras o informe Manuel Velasco descúlpase por non ter incluído o punto 3 como Informe dos membros do CI das distintas comisións nas que participan, o Presidente pregunta se hai algunha obxección para que así se faga, e coa conformidade de todos procédese a dar conta das novidades existentes.

Victoria Alonso, informa da reunión mantida pola Comisión de Acción Social, na que se aprobaron os anticipos reintegrables solicitados, indicando que se mantén a separación entre as partidas para PDI e PAS, e que as cantidades non aumentaron, así mesmo, da conta de que xa se consumiu o 50% da partida e informa da proposta feita pola empresa para facilitar o pago inmediato das axudas por gastos médicos, tal e como se fai co PDI a través de MUFACE.

Cándido Pérez informa dunha convocatoria de reunión para o día seguinte co Xerente, no que, entre outras cousas, vaise pedir a reactivación das Comisións de Emprego, formación e a convocatoria do Comité de Seguridade e Saúde Laboral.

Apertura da Biblioteca de Torrecedeira en fin de semana.

O Presidente informa que tras unha primeira reunión na que se contemplou a posibilidade de contratar a dúas persoas para a biblioteca e outras dúas para a área de conserxería con contratos de 35 horas semanais, houbo unha segunda reunión na que se decidiu a contratación de dúas persoas en quendas de mañá e tarde. Esta proposta foi rexeitada polo Comité ao considerar, entre outras cousas, que o acceso as instalación non era o idóneo. Par darlle unha solución axeitada ao problema acordouse presentarse a primeira hora da mañá no despacho do Xerente para solicitarlle unha solución idónea ante a inminente apertura.

Durante a celebración do presente Pleno o Xerente púxose en contacto telefónico co Presidente para falar da solución deste conflito emprazándoo a manter unha entrevista ao día seguinte.

3. Negociación colectiva.



Cándido Pérez Betanzos, fai unha un breve relatorio dos acontecementos que se produciron tras denuncia do actual Convenio Colectivo, das asembleas e da posterior publicación de propostas para o II Convenio por cada unha das centrais sindicais. Da conta, asemade, de que se non conseguiu un acordo de proposta única ao abandonar a UGT a negociación. Suxire que tratemos a frecuencia das reunión que vai a ter a Comisión Negociadora e que sería importante contar coa proposta de Convenio da empresa ao ser este un asunto que poderíamos compartir co persoal nas distintas asembleas. Por último, propón delegar na Comisión Permanente a concreción da orde do día e dos lugares e datas das asembleas xerais.

Acordase a seguinte estrutura para o desenvolvemento das asembleas:

a. Informe do presidente

- Referencia os acordos do Comité e os escritos enviados.
- RPT Retribucións
- OFOE
- Listas de agarda
- Complementos de Xornada e dispoñibilidade
- Xubilación
- Incorporación da Escola de Relacións Laborais e transformacións
- Traballo en sábado

b. Negociación colectiva. Novo Convenio

c. Rogos e preguntas

4. Execución da RPT.

Repásase o desenvolvemento da última RPT con mención expresa das prazas que quedan por convocar: técnico superior de actividades culturais, técnico medio de actividades culturais,

5. Funcionamento das distintas comisións nas que participa o CI.

Este asunto se tratou, en parte, no punto 2.

Carlos Mollinedo da conta da proposta de normativa para o intercambio de vacacións, tras realizar unha serie de puntualizacións a proposta é aprobada por unanimidade.

6. Preparación Reunión co xerente.

Cándido Pérez e Manuel Velasco propoñen que o formato das reunións sexa o habitual 3+2+1, e mentres non se coñezan os contidos da reunión non se poden tratar.

7. Análise e consideración sobre o/os escrito/s do Presidente da Xunta de Persoal Funcionario nos que afirma que delegado/s do CI están a utilizar o órgano de representación para facer medrar a determinado persoal a costa do resto. Toma de acordos

O delegado sindical de UGT pide a retirada deste punto da orde do día ao consideralo un asunto de carácter privado. Esta petición é tamén apoiada



por distintos delegados de CIG. Manuel Velasco entende que dende o mesmo correo dende o que se envían os acordos da Xunta de Persoal PAS se fan as acusación recollidas en dito punto e que polo tanto é pertinente a súa discusión. Ao insistir en que quere que se trate o punto os delegados da UGT, presentes na reunión, abandonan a sala ao tempo que entregan un escrito que solicitan que se anexe a acta. Tras esta acción o Pleno continua co debate sobre a pertinencia, ou non, de tratar dito punto concluíndo e acordando a súa retirada da orde do día.

8. Rogos e Preguntas.

Rodrigo Alberte Pivida pide a palabra e pregunta se foi contestada a carta da TE de Medios Audiovisuais, e pide que conste en acta a súa protesta pola copia e publicación do articulado do Anteproxecto do II Convenio Colectivo por parte da UXT, que cualifica de foi desleal en canto os acordos previamente alcanzados para facer unha proposta única de Convenio

Así mesmo, Aser Fernández Rey, reitera o dito por Rodrigo en canto á actitude da UXT, e expresa a súa sorpresa, malestar e total reprobación pola actuación e formas de actuar de esta sección sindical, en canto ó que considera un aproveitamento desleal do traballo feito por outros, un latrocinio e unha utilización desleal para uso propio do traballo realizado polas tres seccións sindicais
(Ao tratar este punto os delegados da UGT seguían ausentes)

Acordos:

- **Enviar un escrito a Comisión de Acción Social para que redacte formalmente a proposta de pagamento inmediato da asistencia médica.**

Fdo: Cándido Pérez Betanzos
(Presidente)

VºBº: Manuel Velasco Graña
(Secretario)